

SOLICITUDE DE DISPENSA DA NACIONALIDADE PARA O EXERCICIO DE AVOGADO OU PROCURADOR

INSTRUÇÕES PARA CUBRIR O IMPRESO

X E R A I S:

- O documento deberá cubrirse a máquina ou con letras maiúsculas, sen emendas nin riscos.
- Non escribir nos espazos correspondentes aos recadros punteados.

E S P E C Í F I C A S:

1.- DATOS DO SOLICITANTE:

- **Nome e apelidos:** Indicarase o nome e os apelidos completos do solicitante.
- **Número da tarxeta de residente, pasaporte ou número da tarxeta de identidade:** Riscarse o que non corresponda e consignarse o número que proceda no recadro.
- **Núm. de teléfono de contacto:** Indicarase o número telefónico completo (nove díxitos) do solicitante.

2.- DATOS RELATIVOS Á SOLICITUDE:

- **Desexo incorporarme ao Colexio de Avogados ou de Procuradores:** Tacharse o que non corresponda e indicarse o Colexio de que se trate.
- **DOCUMENTOS PRECEPTIVOS:**
 - Porase un "X" nos recadros correspondentes aos documentos presentados (orixinais ou fotocopias compulsadas, segundo os casos), que serán todos os que figuran no impreso, agás, se é o caso, a certificación sobre comportamento profesional da Avogacía no país de orixe.
 - Tal como se indica no modelo, no suposto de non consentir a comprobación dos seus datos de identidade e/ou residencia a través do Sistema de Verificación Oficial, deberán achegar fotocopia compulsada da Tarxeta de Residencia.

3.- DATOS RELATIVOS Á NOTIFICACIÓN :

- O solicitante consignará cun "X" o **medio** preferente para a notificación de entre os indicados expresamente no impreso (fax, correo electrónico e servizo postal). Cando o medio preferente non fose ningún destes, marcarase o apartado de "Outros", indicándose a continuación o mesmo. No que respecta ao enderezo de correo electrónico poderase escribir en minúsculas, se así corresponde.
- Como **lugar** para **primeiro domicilio de notificación** sinalarase cun "X" a opción elixida entre as existentes no impreso (domicilio particular, domicilio laboral ou outro domicilio).
- Indicarase o tipo de **vía pública** (avda., rúa ou praza), coa denominación e número que corresponda.
- **Localidade:** Sinalarase a localidade correspondente ao domicilio.
- **Código postal:** Consignaranse os díxitos correspondentes ao código postal do domicilio indicado.
- **Provincia e país:** Indicarase a provincia e o país aos que pertence o domicilio indicado.
- **Código e teléfono:** Indicarase o número telefónico completo (nove díxitos) do solicitante.
- No suposto de que se queira facilitar un **segundo domicilio** de notificación, seguiranse as mesmas instrucións para cubrir.

LUGAR E DATA: Indicarase o lugar e a data en que se cubre o impreso.

SINATURA: Asinarase o impreso de solicitude.